

## **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN 48ª ASSEMBLEA XERAL ADEGA**

**11 maio 2024, Melide**

### **1. POLA PROTECCIÓN DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS E MARISQUEIRAS TRADICIONAIS E A RECUPERACIÓN DAS RÍAS:**

A pesca e o marisqueo tradicionais son actividades extensivas, artesanais e sustentábeis que forman parte da nosa identidade nacional, vertebran e arraigan poboación nos concellos costeiros e contribúen a afortalar a nosa soberanía alimentar. A crítica situación que viven as rías galegas, ecosistemas únicos e moi fráxiles hoxe sometidas a múltiples agresións no marco da mudanza climática global, fai que sexa preciso adoptar medidas de protección e conservación máis urxentes e estritas. A Asemblea de ADEGA demanda das administracións públicas un compromiso firme, orzamentado e temporalizado para a rexeneración destes singulares ecosistemas, a consideración de interese xeral de todas as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura tradicionais, e o inicio dos trámites para a declaración das rías galegas como Reservas da Biosfera.

### **2. SOLIDARIEDADE CON PALESTINA E DENUNCIA DO MASACRE SIONISTA:**

A asemblea de ADEGA manifesta a súa solidariedade co pobo palestino e o seu dereito a existir en paz na súa terra. Denunciamos o masacre que o estado de Israel está a cometer na fraixa de Gaza e noutros territorios palestinos. Esiximos do goberno galego, español e da Unión Europea un posicionamento claro polo cese o fogo inmediato, a denuncia das atrocidades sionistas fronte ao Tribunal Penal Internacional e a adopción de sancións económicas e diplomáticas contra o estado de Israel.

### **3. EN DEFENSA DO NOSO TERRITORIO FRONTE Á CELULOSA DE ALTRI:**

O proxecto de Greenfiber (Altri) supón non só unha ameaza para a vida e o ambiente da comarca do Alto Ulla: representa o peor do modelo colonialista e depredador que o capitalismo e os seus cómplices políticos teñen deseñado para a nosa terra. Trátase pois dunha loita de país a favor da preservación do noso patrimonio natural e do desenvolvemento dos sectores produtivos autóctonos. Supón tamén a necesidade de tomarmos consciencia da nosa capacidade de decisión como pobo fronte ás imposicións dos intereses espúreos dunha elite económica. Por estes motivos a Asemblea de ADEGA fai un chamado á cidadanía a manifestarse o vindeiro 26 de maio en Palas de Rei: pola defensa do territorio, ALTRI NON !!!

### **4. APOIO AO TSXG FRONTE AOS ATAQUES DA XUNTA NOS CONTENCIOSOS EÓLICOS:**

A Asemblea de ADEGA quere trasladar o seu apoio e respecto aos membros do TSXG fronte aos ataques e descualificacións do PP tras as resolucións polas que se paralisaron cautelarmente e mesmo anulou numerosos parques eólicos. ADEGA subliña a valentía e independencia do Alto Tribunal galego na aplicación das leis para a preservación dos nosos recursos naturais e a salvagarda do interese público fronte á depredación eólica. Denunciamos a campaña de difamación contra os membros do Tribunal por parte dalgúns responsábeis políticos e institucionais, os mesmos que son responsábeis da planificación caótica e insustentábel que levou á actual paralización do sector.

## **5. A REDE NATURA 2000 NON PODE AGARDAR MÁIS:**

Trece anos despois da última proposta de ampliación da Rede Natura 2000, Galiza aínda ten pendente completar a súa rede de espazos naturais protexidos. Esta omisión pública da obriga, sinalada pola propia Comisión Europea, de ampliar os espazos desta rede ecolóxica debe ser reparada de maneira urxente. ADEGA insta á Xunta a ampliar xa a Rede Natura 2000 co obxectivo mínimo de duplicar a superficie terrestre actualmente protexida (apenas o 12%) e deste xeito, dar cumprimento ás esixencias europeas de mellorar a conectividade ecolóxica entre os diferentes espazos, garantir a protección de hábitats e especies chave para a preservación dos servizos ecosistémicos e mellorar a resiliencia do noso país fronte ao cambio climático.

## **6. NIN UN PASO ATRÁS NO CONTROL AMBIENTAL DA AGROGANDERÍA INDUSTRIAL**

A Asemblea Xeral de ADEGA insta ás Administracións públicas europeas, estatais e galegas que non dean nin un paso atrás nas medidas de control ambiental ás que se debe someter á industria agrogandeira, cuxo lobby está exercendo unha grande presión para que se eliminen ou reduzan as garantías ambientais. Así mesmo, insta ás institucións gobernantes a que pulen pola agricultura ecolóxica e a soberanía alimentaria como garantía de futuro do pobo galego e a recoñecer os beneficios ecolóxicos, produtivos e sociais da paisaxe mosaico e do minifundio de Galiza.

## **7. COMPETENCIAS EN MATERIA FERROVIARIA PARA GALIZA**

ADEGA insta á Xunta de Galiza a apostar polo transporte público e colectivo como pilar da súa política de mobilidade sustentábel e reclamar as competencias en materia ferroviaria, como así se contempla nos Estatutos de Galiza, para conquistar o antes posible e coa suficiente dotación orzamentaria un tren galego que vertebre social e territorialmente o país, ao tempo que se coida do ambiente.